

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA  
CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2015**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDE:</b>	
D. José Fervenza Costas	PP
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>	
D <sup>a</sup> . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D <sup>a</sup> . María Colomba López Freire	PP
D <sup>a</sup> . Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Vicente Verdeal Ríos	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D <sup>a</sup> . María Martínez Nogueira	BNG
D <sup>a</sup> . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> . Coral Ríos Santomé	BNG
D <sup>a</sup> . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D <sup>a</sup> . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<b>SECRETARIO:</b>	
D. Adamantino Barreiro García	
<b>AUSENTES:</b>	
D <sup>a</sup> María del Carmen Regueira Fernández	PP
D <sup>a</sup> . María Libertad Cruz Couso	BNG

En Moaña, o 26 de marzo de 2015, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Escusan a súa asistencia as concelleiras D<sup>a</sup> María del Carmen Regueira Fernández e D<sup>a</sup>. María Libertad Cruz Couso.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

### **ORDE DO DÍA**

1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores

- 2º.- Información sobre o cumprimento ou estado da xestión das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas
- 3º.- Resolucións da Alcaldía
- 4º.- Solicitude de autorización de FCC Aqualia, S.A. para a mellora, acondicionamento e conservación da sala *fitness* do Centro Deportivo Moaña
- 5º.- Delegación na Deputación Provincial de Pontevedra – Oral en materia de tráfico
- 6º.- Moción do grupo municipal do BNG solicitando á Dirección Xeral de Mobilidade que exerza as súas funcións, esixindo á empresa que presta o servizo de transporte marítimo Moaña-Vigo a restauración das liñas e horarios eliminados nos últimos tempos
- 7º.- Rogos e preguntas

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES**

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 26 de febreiro de 2015, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Intervén dona Marta Freire quen indica que na páxina 14, na súa intervención no segundo parágrafo, débese corrixir a súa intervención e debe constar: Pensaron que con reducir os teléfonos móbiles e eliminar algún aluguer xa estaba feita a contención do gasto feito, e non é así porque se incrementaron en máis de 700.000 euros.

E na páxina 15 na súa intervención no segundo parágrafo, debe constar: que 300.000 euros estaban previstos no Plan de axuste para redución de gastos de persoal.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos quince membros da Corporación presentes, a acta correspondente á sesión ordinaria da data 26 de febreiro de 2015, coas seguintes modificacións: na páxina 14, na intervención de Marta Freire no segundo parágrafo, corríxese a súa intervención e debe constar: «Pensaron que con reducir os teléfonos móbiles e eliminar algún aluguer xa estaba feita a contención do gasto feito, e non é así porque se incrementaron en máis de 700.000 euros». Na páxina 15 na intervención de Marta Freire no segundo parágrafo, debe constar que: «300.000 euros estaban previstos no Plan de axuste para redución de gastos de persoal.»

## **2º.- INFORMACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO OU ESTADO DA XESTIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES REXISTRADAS**

O Sr. Alcalde informa das xestións das mocións presentadas polas asociacións ou entidades rexistradas, así como as datas nas que se remitiron. Informa de que a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre fármacos a doentes de hepatite C, remitiuse a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Grupo Popular, Grupo Socialista, Alternativa Galega de Esquerdas, Bloque Nacionalista Galego, Grupo Mixto. A moción do BNG para demandar un plan de emprego feminino remitiuse á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. A moción de apoio de asilo político ao activista saharauí Hassanna Aalia remitiuse ao Ministerio do Interior.

## **3º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 65, do 25/02/2015, e a número 107, da data 23/03/2015.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

## **4º.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE FCC AQUALIA, S.A. PARA A MELLORA, ACONDICIONAMENTO E CONSERVACIÓN DA SALA FITNESS DO CENTRO DEPORTIVO MOAÑA**

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 24/03/2015.

O Sr. Alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A AUTORIZACIÓN PARA QUE A EMPRESA CONCESIONARIA FCC-AQUALIA SA POIDA ACOMETER AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA SALA DE ACTIVIDADES NO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE MOAÑA

1.- Con data 27/11/2014, dona Patricia Pérez Galiñanes, xefa de servizo do CD Moaña, en representación de FCC AQUALIA S.A., presenta un escrito no que solicita permiso para acometer as obras de ampliación da sala fitness. Na citada documentación argumenta os motivos administrativos, sociais e mediambientais e económicos para a dita ampliación. Achega memoria valorada na que se inclúe planos e orzamento por un importe total de 81.468,10 euros (IVE incluído).

2.- Con data 12/02/2015, rexistro de saída número 310, foille requirido por escrito xustificación do mantemento do equilibrio da concesión co novo investimento proxectado por importe de 81.468,10 euros, así como a repercusión sobre as tarifas actuais ou futuras.

3.- Con data 17/02/2015, rexistro de entrada número 947, a xefa do servizo da empresa FCC-Aqualia SA, concesionaria do CD Moaña, Patricia Pérez Galiñanes, presenta escrito no que indica: "En resposta ao requirimento do pasado día 12 dos correntes, relativo ao asunto de referencia, significámoslle que non se plantexou un desequilibrio económico-financeiro da concesión e que non se preveu repercutir o custe das actuacións propostas sobre as tarifas".

4.- Con anterioridade, na data 31/07/2009, asinouse o contrato administrativo de xestión do servizo da piscina municipal de Moaña.

5.- Con data 23/03/2015, rexistro de entrada número 1752, José Luís García Ibáñez, apoderado de FCC Aqualia SA presenta escrito no que indica: "En resposta ao requirimento do pasado día 12 dos correntes, relativo ao asunto de referencia, significámoslle que non se plantexou un desequilibrio económico-financeiro da concesión e que non se preveu repercutir o custe das actuacións propostas sobre as tarifas". Jose Luís García Ibáñez actuou en representación da empresa FCC Aqualia SA no contrato administrativo de xestión do servizo da piscina municipal de Moaña, asinado o 31 de xullo de 2009, segundo acreditou mediante escritura de poder outorgada ante o Notario D. José Antonio Torrente Secorun e que leva o número 1.240 do seu protocolo en data 29 de marzo de 1994.

6.- Con data 24/03/2014, o arquitecto técnico municipal, José Manuel Carballo Moldes, emitiu informe técnico favorable ao proxecto de acondicionamento da sala de actividades no Centro Deportivo Municipal de Moaña.

7.- Con data 24/03/2015, o secretario municipal emite informe favorable sobre as ditas obras.

Por tal motivo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobamos a autorización para que a empresa concesionaria FCC-Aqualia SA, poida acometer as obras de Acondicionamento da Sala de Actividades no Centro Deportivo Municipal de Moaña, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro Pedro Armesto Fernández.

**SEGUNDO.-** Tales obras non afectarán ao desequilibrio económico-financeiro da concesión nin o custe das actuacións propostas se repercutirán sobre as tarifas, segundo o escrito de data 23/03/2015, rexistro de entrada número 1752, presentado polo representante da empresa FCC Aqualia SA. Jose Luís García Ibáñez.

Moaña, 24 de marzo de 2015 O Alcalde, Asdo: José Fervenza Costas.»

#### **Intervencións:**

➤ Dona Marta Freire: apoio a proposta de FCC Aqualia. Somos conscientes da falta de espazo para actividades. Hai que ampliar e ser competitivos con outras piscinas próximas e ter seguridade para os usuarios. Aqualia recoñece que a sala de fitness ten usuarios por riba dos que se calculou e baseábase niso cando pedía incremento de suba de prezos. Deunos argumentos para rexeitar as subas.

➤ Don Odilo Barreiro: tamén apoio a proposta. É unha mellora para a prestación do servizo aos usuarios, non soben as tarifas e non supón gasto para o Concello. No expediente debería figurar as modificacións á Secretaría Xeral do Deporte porque cofinanciou e do equipo redactor do proxecto para que non afecte á seguridade da edificación. Por se a empresa non pode eludir responsabilidades por non ser informada. Pido que conste en acta isto antes de que comece a acta de replanteo.

Houbo 1300 usuarios, pero ao entrar en funcionamento a de Cangas, pódese reducir o número de usuarios. Era necesario mellorar as instalacións da piscina que tiña que ter feito o Goberno municipal nestes tres anos. Vostede fixo un espectáculo bochornoso no 2007 por non apoiar porque a piscina tiña só un vaso. No 2011 non hai piscina de chapoteo nin mellora. Non fixo nada.

O Sr. Lete, secretario xeral para o deporte, pasará a miúdo por Moaña pero non deixou nin un proxecto nin un euro. En Cangas puxo 1.500.000€ sen problema. A veciñanza pregúntase cal foi o investimento en Deportes en Moaña: 45.000€ para unha cantina no Casal para o levantamento do vaso...

➤ Don Jorge Santomé: Non vimos facer historia do ano 2005, nin historias de Cangas. Non fas a cantina tí?

Nós nunca lle consentimos a suba. Se non fose así, non faría nada. Nós dixemos que non iamos subir tarifas. Ao ver a apertura de Cangas, venlle as orellas ao lobo. Imos mandar todas as comunicacións á Xunta.

➤ Don Odilo Barreiro: Por agora teño capacidade para as miñas propias historias. Agora éntache a preocupación polo Centro Deportivo Municipal. Só fixeches reunións que non terminan moi ben.

➤ Don Jorge Santomé: Nótase que non fas moito deporte. En Moaña, o deporte está moi vivo.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos quince membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acordan:

PRIMEIRO.- Aprobar a autorización para que a empresa concesionaria FCC-Aqualia SA, poida acometer as obras de acondicionamento da sala de actividades no Centro Deportivo Municipal de Moaña, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro Pedro Armesto Fernández.

SEGUNDO.- Tales obras non afectarán ao desequilibrio económico-financeiro da concesión nin o custe das actuacións propostas se repercutirán sobre as tarifas, segundo o escrito de data 23/03/2015, rexistro de entrada número 1752, presentado polo representación da empresa FCC Aqualia SA. Jose Luís García Ibáñez.

## **5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – ORAL EN MATERIA DE TRÁFICO**

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

*«DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA-ORAL DAS FACULTADES DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES DE TRÁFICO.*

*Proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*1.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 8 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, que aproba o Regulamento xeral de recadación, as facultades de:*

*- Recadación das multas de tráfico.*

*- Encomendar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL., de acordo co disposto no art. 15.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a xestión da seguinte actividade:*

*- A colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio.*

*2.- Ambas as partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da*

*Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas ou encomendadas na Deputación de Pontevedra. O Concello deberá prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas. A Deputación Provincial porá a disposición do Concello os medios necesarios para a subministración da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.*

*Respecto á encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores, ambas as partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa reguladora, fundamentalmente as contidas no Regulamento do servizo de colaboración nas sancións de tráfico (BOP de Pontevedra nº 118 de 24 de xuño de 2010). En especial, a asunción por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra da defensa e representación ante os órganos xurisdicionais, tanto por actos ditados en vía disciplinaria como recadatoria; e, por parte do Concello, o compromiso de cumprir cos prazos establecidos no regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e devolución da documentación trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ao ORAL-Deputación os instrumentos necesarios, entre os que destaca o de subscripción, para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.*

*3.- A delegación e a encomenda sométense ás condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na data 20/07/92, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial na data 03/05/2013, no Regulamento do servizo de colaboración na xestión das sancións de tráfico aprobado polo Pleno da Deputación Provincial na data 26/03/2010, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial na data 22/02/2013, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, se é o caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.*

*4.- Facúltase ao señor alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial así coma os demais documentos que procedan.»*

#### **Intervencións:**

➤ Don Odilo Barreiro: É a segunda vez que vén a Pleno este tema e vostede retirouno do Pleno anterior sen reflexión e tendo que retirar puntos do Pleno e non tiñan aprobados os orzamentos. O BNG, ao respecto, apoiámolo porque se trata de delegar as multas no ORAL e suponse que está ao servizo da veciñanza independentemente da xestión do señor "imputado". Considero que é asumible polo Concello e que evita que os policías fagan labores administrativos. Vota a favor.

➤ Dona Marta Freire: O PSOE non apoia esta proposta por tres motivo. En primeiro lugar, porque o informe de Intervención é desfavorable co actual Plan de axustes en vigor a interventora imposibilita no seu informe a cesión de competencias. En segundo lugar, porque o goberno optou pola opción máis doada, desfacerse do problema en vez de intentar solucionalo dende dentro do Concello, co persoal deste. E terceiro é incongruente que os que defendemos a supresión das deputacións, votáramos a favor de nutrilas de mais competencias.

➤ Dona Colomba López: demándaos a Policía porque non ten persoal para tramitar o expediente ata o final porque o persoal está de baixa.

➤ Dona Marta Freire: O problema das baixas na Policía leva enriba da mesa meses, pero a vostedes non lles preocupou esa situación ata o de agora. Volvo a reiterar que optaron polo camiño máis doado, desfacerse do problema propoñendo a cesión.

➤ Don Xosé Manuel Millán: A ORAL é un organismo autónomo da Administración local. Pode existir autonomamente se desaparece a Deputación. Non podemos apoiar unhas deputacións e outras non. Ter un administrativo para a xestión das multas supón uns 40.000€ para o Concello. Aquí a cantidade máis alta de recadación rondou os 90.000€ cando o parque automobilístico era máis alto. Pagariamos uns 7.000 ou 12.000€ e entre 40.000 e 12.000€ hai unha marxe notable e o Concello sae ganando. A interventora non o ten en conta e o seu informe non é obrigatorio seguir o que di. O Partido Popular en catro anos non fixo o orzamento e ten que facer modificacións de crédito para pagarlle ao ORAL. Haberá beneficio para o Concello. A Policía Local necesita unha reestruturación a fondo. Custa 700.000€ e hai que reestruturala. Non se tomaron asuntos de persoal en serio por parte do Partido Popular. Desde novembro non hai patrulla de noite e non se fixo a segunda actividade. Está envellecido o cadro de persoal da Policía. Vai ter 21 axentes e un administrativo ou vaise reestruturar?

➤ Dona Marta Freire: Por alusións, o ORAL é un organismo adscrito á Deputación. E polo tanto poden vostedes maquillar esta situación como queiran, pero o que están facendo é nutrir a Deputación de máis competencias. O posicionamento da agrupación socialista de Moaña respecto as deputacións sempre foi o mesmo, defendemos que hai que suprimilas, é que o seu financiamento pase para os concellos.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por trece votos a favor, os do PP e BNG, e dúas abstencións, as do PS de G.-PSOE, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acordan:

1.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 8 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, que aproba o Regulamento xeral de recadación, as facultades de:

- Recadación das multas de tráfico.

- Encomendar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL., de acordo co disposto no art. 15.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a xestión da seguinte actividade:

- A colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio.

2.- Ambas as partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas ou encomendadas na Deputación de Pontevedra. O Concello deberá prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos

edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas. A Deputación Provincial porá a disposición do Concello os medios necesarios para a subministración da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.

Respecto á encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores, ambas as partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa reguladora, fundamentalmente as contidas no Regulamento do servizo de colaboración nas sancións de tráfico (BOP de Pontevedra núm. 118, do 24 de xuño de 2010). En especial, a asunción por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra da defensa e representación ante os órganos xurisdicionais, tanto por actos ditados en vía disciplinaria como recadatoria; e, por parte do Concello, o compromiso de cumprir cos prazos establecidos no regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e devolución da documentación trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ao ORAL-Deputación os instrumentos necesarios, entre os que destaca o de subscripción, para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.

3.- A delegación e a encomenda sométese ás condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na data 20/07/92, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial na data 03/05/2013, no Regulamento do servizo de colaboración na xestión das sancións de tráfico aprobado polo Pleno da Deputación Provincial na data 26/03/2010, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial na data 22/02/2013, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, se é o caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

4.- Facúltase ao señor alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial así coma os demais documentos que procedan.

#### **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO Á DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE QUE EXERZA AS SÚAS FUNCIÓNS, ESIXINDO Á EMPRESA QUE PRESTA O SERVIZO DE TRANSPORTE MARÍTIMO MOAÑA-VIGO A RESTAURACIÓN DAS LIÑAS E HORARIOS ELIMINADOS NOS ÚLTIMOS TEMPOS**

##### **Intervención:**

➤ Don Odilo Barreiro: A moción é sobre a defensa do transporte de viaxeiros que afecta aos veciños de Moaña. A empresa eliminou o transporte das 6 e das 6.30 da mañá desde o 15 de marzo e agora queda supeditado ata o verán. Alguén o chamou para que espere ata o verán. A empresa non é a única culpable. Houbo queixas que a empresa non atende. Pero a Xunta é quen lle permite este tema. A Xunta non fai nada e posiciónase ao lado da empresa e desmantélase o servizo. As medidas liberalizadoras do Partido Popular provocan deterioro do servizo e calidade etc. Expulsóusenos da dársena da laxe polo club náutico, antepoñendo o servizo público. Vostede fíxose a foto da área metropolitana, e vostedes xa coñecían que se ía reducir o servizo desde decembro e vostedes enganaban aos veciños para a súa campaña electoral. Inaugurábase o servizo con recortes. A Xunta obrigaba a asumir competencias impropias aos concellos que tiñamos que pagar.

Vostedes non fan nada, pero fotografábase para saír na prensa. O BNG fixo iniciativas para regularizar o servizo público e a restitución de frecuencias. Pero vótanos en contra o Partido Popular, pero nós seguiremos a loitar porque é un transporte acorde co medio ambiente, e rápido, e debe ser económico e básico e nunca pode estar ligado á rendibilidade de franxas horarias. Débense adoptar medidas para restituír o servizo, e que a empresa manteña a liña e os servizos e frecuencias eliminadas con anterioridade. Para a empresa, débese manter a liña co parque natural, que é a que lle interesa, non a de pasaxeiros.

Don Odilo Barreiro le a moción do BNG con data 12/03/2015, rexistro número 1549, que literalmente di:

*«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE QUE EXERZA AS SÚAS FUNCIÓNS, ESIXINDO Á EMPRESA QUE PRESTA O SERVIZO DE TRANSPORTE MARÍTIMO MOAÑA-VIGO A RESTAURACIÓN DAS LIÑAS E HORARIOS ELIMINADOS NOS ÚLTIMOS TEMPOS.*

*Os usuarios e usuarias do transporte marítimo na ruta MOAÑA-VIGO-MOAÑA veñen de sufrir unha nova agresión, ao anunciar a empresa adxudicataria do servizo (por sorpresa e sen negociación previa) a supresión do servizo no horario de 06:00 h, e 06:30 h.*

*Unha medida que se suma ás adoptadas nos últimos tempos e que supuxeron a eliminación do servizo de transporte durante os domingos e festivos, redución de horarios os sábados, incremento do prezo do billete, escasa calidade na prestación do servizo, precariedade laboral, ... Todo sen que a Consellaría competente faga nada para velar polos intereses dos usuarios e usuarias e que demostra o esquecemento dos seus compromisos co transporte marítimo de viaxeiros na Ría de Vigo.*

*Estamos polo tanto ante un novo caso de deixadez de funcións por parte da Xunta de Galiza na atención a un servizo que é chave no desenvolvemento socioeconómico e das comunicacións do Morrazo. Un servizo que ano tras ano da un paso máis na perda de calidade porque quen ten a responsabilidade de impedir que se adopten medidas unilaterais, que van en prexuízo da veciñanza do Morrazo, está máis preocupado da rendibilidade que as empresas deben ter nas viaxes de verán que de prestar un servizo en condicións a toda a comarca en xeral, e a Moaña en particular.*

*O Bloque Nacionalista Galego exerceu diferentes accións que tratasen de paliar este problema: presentación de iniciativas parlamentares que pretendían regularizar este servizo como público, presentación de mocións ante este Pleno solicitando a restitución das frecuencias perdidas, etc. Iniciativas que sempre se atoparon co voto en contra ou coa abstención dos representantes do Partido Popular.*

*Máis esa oposición ou abstención non fará que cedamos no noso interese en recuperar un servizo de transporte marítimo de calidade. Porque non podemos permitir que unha vez máis as operadoras tomen decisións pola súa conta en contra dos usuarios e usuarias, sen que a administración responsable (Dirección Xeral de Mobilidade) controle e regule dito servizo. Non esquezamos que é a Dirección Xeral de Mobilidade a que ten que aprobar calquera medida similar que adopten as empresas prestatarias do servizo.*

*É dicir, mentres a situación de abandono aumenta no transporte de ría, a Dirección Xeral de Mobilidade está desaparecida, permitindo que sexa a empresa a que regule dito servizo en función dos seus intereses ligados exclusivamente a criterios de rendibilidade.*

*Non podemos aceptar tampouco que se xustifique a eliminación dos horarios polo déficit de usuarios e usuarias, ou alegando a existencia doutros medios de transporte alternativo por estrada que cubre ese mesmo tramo horario.*

*Porque acreditamos nun transporte marítimo de pasaxeiros estratéxico para a nosa vila, porque é sostible e comprometido co medio ambiente, porque dá resposta as demandas de desprazamento por motivos moi diferentes (laborais, culturais, administrativos ou sanitarios), porque é o máis rápido e debe ser o máis económico, porque, insistimos, na Galiza as rías non nos separan, senón que nos unen...*

*Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO*

- 1. Manifestar a desconformidade do Pleno do Concello de Moaña coa redución de horarios no transporte marítimo que se verá incrementada a partires do 15 de marzo coa eliminación do servizo das 06:00 h. e 06:30 h.*
- 2. Requirir da Dirección Xeral de Mobilidade que exerza as súas funcións, esixindo a restauración inmediata da liña de transporte da primeira hora da mañá Moaña Vigo-Moaña e non autorizando máis reducións de liñas.*
- 3. Reposición do nivel de frecuencias existentes antes da redución dos sábados e eliminación do servizo en domingos e festivos.*
- 4. Exixir do Goberno Galego a adopción das medidas lexislativas precisas que restitúan o carácter público de titularidade da Xunta de Galiza do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras na Ría de Vigo.*
- 5. Solicitar dunha vez por todas ao Goberno Galego a elaboración, coa participación dos usuarios e usuarias, dun Regulamento que recoñeza, ampare e garanta os dereitos dos viaxeiros e*



*viaxeiras no relativo a frecuencias, prezos, horarios, condicións do servizo, obrigas das empresas, réxime de infraccións e sancións, etc.  
Moaña, 10 de marzo de 2015»*

**Intervencións:**

➤ Dona Marta Freire: O PSOE apoia a moción do BNG porque entendemos nestes momentos hai unha empresa que só ten en conta o rendemento económico do servizo, sen importarlle a calidade do mesmo ou se prexudique ou non a os usuarios. E temos unha xunta de Galicia que llo está permitindo. Os socialistas defendemos que o transporte da ría debe ter carácter público, e así o manifestamos sempre nos debates plenarios nos últimos anos. O PP o que fai é apoiar as mocións no Concello sobre o transporte de ría e logo quedan calados cando o seu grupo no parlamento vota todo o contrario. Temos que ser consecuentes co que votamos, e debemos trasladar os nosos posicionamentos aos grupos do Parlamento de Galicia que son os que deben tomar as decisións. Hai que ver a calidade do servizo, o mantemento das rutas. Vostede señor Fervenza non pode facer a foto subindo ao barco cando sabía a idea da empresa de reducir o servizo. Pido maior transparencia nas xestións sobre este asunto.

➤ Dona María Colomba López: Parece mentira que o traia a Pleno cando vostede gobernaba no 2008 con Mar de Ons reduciuse paulatinamente e suprimiuse totalmente e non sei como trae vostede isto ao Pleno, cando gobernaba vostede, Sr. Millán, e estaba de alcalde.

➤ Don Odilo Barreiro: Non é certo, non se perdeu o servizo porque gobernaba o Sr. Millán. Era distinto o que pasaba no servizo. Agora pódese rescatar o servizo. O Partido Popular ten votado en contra para solucionar o transporte da ría. Fervenza pegou *pegatinas e piruletas*. A Dirección Xeral de Mobilidade desde decembro estaba informada da redución dos horarios. É un servizo básico a nivel laboral. E vostede xa sabía cando se fixo a foto do barco que se reducía o horario.

➤ Dona Marta Freire: A competencia do transporte da ría é da Xunta de Galicia pero a xestión para defender aos usuarios de Moaña é súa. Faltou xestión por parte do Concello.

➤ Dona María Colomba López: Vostedes podían facer algo máis cando gobernaban.

➤ Dona Marta Freire: volvo a reiterar que faltoulles xestión. Debería saber que tiña o Goberno da Xunta nos períodos aos que fai alusión porque era o seu propio partido.

➤ Dona María Colomba López: O Sr. Millán gobernaba e podía facer presión.

➤ Dona Marta Freire: No 2013 tratouse unha moción do transporte da ría e fixestes algunha xestión?

➤ Dona María Colomba López: Pasareicho por escrito.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Hai oito anos, a concelleira non sabía que existía nin o transporte da ría. Se recorda, daquela pedíuselle a conselleira que se mantivese o transporte da ría como servizo público, e fíxose privado. Vostedes non se acordan. A concelleira daquela fixo todo o que puido. Cando Mar de Ons deixou o servizo, tres ou catro mil moañeses saímos a protestar, e estaba o Sr. Fervenza coa bandeira española. O Partido Popular dixo que nos traían o transporte da ría, Navia. Intentábase meter o fociño no transporte marítimo. Agora son tan piratas como os anteriores. E o Partido Popular permítelles facer todas as gansadas. E permítenllo. O pastel está en Ons e Cíes e os políticos baixan os pantalóns.

➤ Don Xosé Manuel Millán: Hai oito anos, a concelleira non sabía que existía nin o transporte da ría. Se recorda, daquela pedíuselle a conselleira que se mantivese o transporte da ría como servizo público, e fíxose privado. Vostedes non se acordan. A concelleira daquela fixo todo o que puido. Cando Mar de Ons deixou o servizo, tres ou catro mil moañeses saímos a protestar, e estaba o Sr. Fervenza coa bandeira española. O Partido Popular dixo que nos traían o transporte da ría, Navia. Intentábase meter o fociño no transporte marítimo. Agora son tan piratas como os anteriores. E o Partido Popular permítelles facer todas as gansadas. E permítenllo. O pastel está en Ons e Cíes e os políticos baixan os pantalóns.

➤ Don Francisco Ferreira: A Federación traballa no transporte da ría desde 2006. Nós cuestionamos que non estaba o transporte da ría. Diciánnos fai un mes que non se sabía o prezo nin os horarios. Firmouse un cheque en branco e nese lapsus, algún alcalde, como Cangas, pelexou por reducir o prezo á metade e vostede fixo fotos. No ano 2010 había 16 servizos os laborais e 14 os domingos e festivos. Hoxe hai 15 e 13. E non hai festivos e domingos. As compañías nun mes poden cambiar ou seguir cos servizos. Seguen co da 6 da mañá. Non se falaba de prezos e denuncia que vostedes dicían que era do 40% ou do 50% de desconto. Os usuarios de sesenta e cinco anos teñen descontos. Os estudantes pagarán 1.38 (le unha relación de tarifas). O desconto do 40 ou 50% da tarifa é mentira, non é verdade. O estudante ten 8 céntimos de desconto. Para as familias numerosas é do 50%. Ata agora di unha veciña que non lle facían o desconto do 50%. Reducíronse os servizos un 30% semanais. Os prezos aínda soben un 10%. Están en contra de que o transporte da ría cumpra a súa finalidade. Pero ten que haber barcos cando se necesitan e tamén os sábados e os domingos pérdese a ocasión de aplicar as condicións do transporte da ría. O actual alcalde de Santiago comprometeuse a arranxar o problema do transporte da ría e non se fixo. Necesita un plan específico, horarios, prezos...

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos quince membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acordan:

1. Manifestar a desconformidade do Pleno do Concello de Moaña coa redución de horarios no transporte marítimo que se verá incrementada a partir do 15 de marzo coa eliminación do servizo das 06:00 h. e 06:30 h.
2. Requirir da Dirección Xeral de Mobilidade que exerza as súas funcións, esixindo a restauración inmediata da liña de transporte da primeira hora da mañá Moaña Vigo-Moaña e non autorizando máis reducións de liñas.
3. Reposición do nivel de frecuencias existentes antes da redución dos sábados e eliminación do servizo en domingos e festivos.
4. Esixir do Goberno Galego que adopte as medidas lexislativas precisas que restitúan o carácter público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras na ría de Vigo.
5. Solicitar dunha vez por todas ao Goberno galego a elaboración, coa participación dos usuarios e usuarias, dun Regulamento que recoñeza, ampare e garanta os dereitos dos viaxeiros e viaxeiras no relativo a frecuencias, prezos, horarios, condicións do servizo, obrigas das empresas, réxime de infraccións e sancións, etc.

## **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

➤ Don Francisco Ferreira: Fíxose algo ou hai novidades sobre o tema da Mosqueira?

➤ Sr. Alcalde: Houbo unha reunión con Portos de Galicia e en breve teremos noticias, cando Portos presente a proposta. Primeiro presentarán a proposta e despois farase a Mesa.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21:27 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE  
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García